

Publicación gratuita
Colle unha!

STEGO!

Revista mensual de Información Local de Santiago de Compostela - Nº 35 Novembro 2021

A veciñanza fártase das obras interminables ou mal rematadas



Ademais:

Entrevista a Óscar Insua

Dr. Carracedo defende o uso do galego

Paletó lembra 1954

Quedamos sen chocolatada de Nadal

Análise sobre o posible Gran Apagón

A pandemia disparou as estafas telemáticas

STGO!

**Proximidade. Honestidade.
Solvencia. Pluralismo.**

STGO!- mensual gratuíto independente de Santiago.

Edita: Underwood Media S.L. Romero

Donallo, 23. Imprime: Tameiga.

Peche de edición: 20-11-2021. Nº35.

Depósito legal: C 585-2014

Director: Javier Carnota. Contidos:

Francisco Cortez-Lobao e Jacobo Mou-

riño. Tel: 620 967 549 Contacto: stgo.

redaccion@gmail.com Exclusivista pu-

blicitaria: Eco publicidad & márketing

(www.agenciaeco.es). Álvaro Filgueira.

649 419 415. afilegueira@agenciaeco.es



Queixas en Vista Alegre



Non é a única fronte aberta do Concello en materia de obras, con importantes nós de comunicación da cidade patas arriba, caso da Avenida de Lugo en varios tramos. Porén, un dos puntos onde os ánimos están máis caldeados é Vista Alegre. Alí, a asociación veciñal chegou a reclamar por escrito o cese do concelleiro de Obras de Santiago, Javier Fernández. Os veciños alegan que o edil non os ten recibido en dous anos mentres as necesidades do barrio se acumulan. As obras de Vista Alegre caracterízanse por un remate ineficiente que acende os ánimos no barrio, onde sinalan o cableado colgando das fachadas, o mal estado das varandas, a ausencia de papeleiras, as rúas sen marcar ou os cables telefónicos pendurados por diante das fiestras de vivendas particulares.

A rúa dos Concheiros ferve de indignación dende hai meses. A extensión temporal das obras nesta rúa, que roldan o ano de duración, teñen causado un profundo malestar entre a veciñanza e os propietarios dos distintos comercios da zona, logo de moito tempo con restricións á circulación e estacionamento, o que ten impactado fortemente na actividade cotiá e mesmo económica. Logo de que a Panadería San José pechase aducindo a falta de rendibilidade do negocio nas actuais circunstancias, son moitos os comerciantes que seguen denunciando as perdoas ocasionadas. Pero tamén veciños que non ven o momento de que os traballos rematen.

A consecuencia deste clima foi unha curiosa estampa que se viu nesta rúa o pasado 12 de novembro. Veciños e comerciantes, ataviados como para unha inauguración oficial -cascos, chalecos reflectores, etc- e

mesmo con caretas do alcalde, Xosé Sánchez Bugallo, concentráronse ás 12 da mañá para escenificar o remate das obras. E é que a promesa era que fose precisamente ese día, 12 de novembro, cando estas tivesen fin, segundo as previsións oficiais.

Dende a Asociación Veciñal A Xuntanza, unha das convocantes da concentración, "hai que facelo moi mal para ser quen de sacar á rúa aos comerciantes dun barrio en plena xornada de traballo". Consideran que "este barrio non merece este maltrato nin estas mentiras", sinalan en referencia aos sucesivos aprazamentos da finalización das obras.

A concentración, marcada polo bo humor e mesmo con referencias a 13 Rúa del Percebe de Francisco Ibáñez para denunciar a situación, foi só un expoñente do malestar larvado durante un ano. Un malestar que se prolongará, polo menos, ata xa entrado 2022.



As obras de Concheiros esgotan a paciencia de veciños e comerciantes

Demoras e prórrogas

E é que este proxecto, adxudicado cun prazo de execución de nove meses e comezado xa con atrasos por dificultades técnicas, tería que ter rematado no verán. A data que deu a continuación o Concello foi o 23 de decembro, xerando novas desconfianzas no barrio. O Concello autorizou unha ampliación do prazo de entrega do proxecto ata esa data en Xunta de Goberno local. Pola súa banda, a empresa declarou que non podería rematar a obra ata 22 de xaneiro, aínda mantendo días de labor en período de Nadal malia o convenio da construción e os días de descanso que marca nesas datas.


O presidente do PP de Santiago, Borja Vereja, declarou posteriormente que se tomasen responsabilidades políticas polo acontecido, pero tamén sanción para a empresa que leva a cabo os traballos, ao entender que "non hai xustificación para estes aprazamentos". A dirección facultativa das obras corresponde, dende setembro do ano pasado cando foron adxudicadas, á UTE -Unión Temporal de Empresas- Concheiros -constituída por Estudio Técnico Gallego SA, Eduardo Cruz,

INOUS Exeñería Global e Mónica María Balado-.

Na rolda de prensa posterior á Xunta de Goberno local do día 15, cando se aprobou a ampliación do prazo de recepción, o alcalde Sánchez Bugallo deixara aberta tamén a porta á posibilidade de instruír expedientes de sanción á empresa se superaban, como finalmente farán, a data do 23 de decembro. O rexedor desculpouse polas molestias xeradas entre a veciñanza, evidenciadas na mobilización do día 12. Iso si, Sánchez Bugallo sacou peito ante o "impulso importante" que están a recibir o traballo, fonte, aventurou, das últimas molestias denunciadas-. O alcalde lembrou igualmente que aspectos técnicos da obra foron reclamación veciñal, como a dobre dirección e os cambios nas beirarrúas. En definitiva, Sánchez Bugallo pediu mirar a 40 anos vista, o que sería "máis importante que se acabe 15 días antes ou 15 días despois". "Concheiros quedará infinitamente mellor do que estaba porque estaba feito un absoluto desastre", acrescentou dous días despois en declaracións á emisora Onda Cero.



Santiago Losada "Paletó"



O noso cronista compostelán Santiago Losada 'Paletó' evoca os seus tempos de cantante animador da Orquestra La Melody e aquel ano 1954, cheo de inauguracións

Ano Santo 1954 e os bailes do Hórreo


O Ano Santo de 1954 é posiblemente o Ano Santo máis lembrado polos composteláns da posguerra. Pois nese ano inauguráronse a Avenida de Lugo, o Hospital de Santa Isabel (en Galeras), o Hostal dos Reis Católicos e a rúa San Francisco.

Outro dos motivos polos que os picheiros recordaremos ese ano é polos bailes do Hórreo, que tamén eran coñecidos como os bailes de Pocholo por ser este o vocalista da Orquestra Compostela, que foi considerada a mellor de Galicia por uns 5 ou 6 anos, por riba das da Coruña, Ferrol e Pontevedra.

As festas do Apóstolo prolongábanse do 1 ao 31 de xullo, e na explanada da estación do ferrocarril, en días alternos, facíanse bailes nocturnos.

Comezaban o día 1 coa Orquestra Compostela con Pocholo e Orquestra La Melody con Santy Losa (Paletó), as dúas mesmas agrupacións que remataron o fin de festas cos fogos no mesmo lugar. O día 24 foron no palco da Alameda coa Orquestra Estrellas Azules, co vocalista Carlos de Paz, que tamén fixeron catro actuacións no Hórreo ou estación.

Os bailes do Hórreo eran en días alternos, isto é, os días impares do mes, comezando tal e como expoño anteriormente. Non participaron máis orquestras porque eran as tres que había en Santiago. A Hispania tivo actividade entre 1957 e 1961, e no Hostal o Grupo SKY de 1954 a 1956.



Franco inaugurando o Hostal, o que queda do Hospital de Galeras, San Francisco, a Avda. de Lugo cando exercía de Circunvalación e a explanada da Estación do Hórreo, onde bailaron as e os veciños de Compostela aos ritmos tocados pola Orquestra La Mélody e o seu vocalista "Paletó" no Apóstolo de 1954.



**Anúnciate
aquí**

981 463130

STGO!

A Garda Civil ven de crear unidades específicas. O Milladoiro acolle unha das dúas da provincia

“A pandemia disparou as compras por internet e as estafas telemáticas”

Os delitos telemáticos non deixan de medrar en toda España, cunha variación interanual que se achega ao 20%. A resposta foi a recente creación dos Equipos @ da Garda Civil, especializados nunha problemática que está a causar grande alarma social. O Milladoiro acolle unha das dúas sedes deste corpo a nivel provincial, situándose a outra na Coruña

Dende o posto amesán confirman que o fenómeno das estafas telemáticas é crecente e que se viu reforzado pola pandemia, cando a poboación se afixo á compra online, a acceder por internet dende a casa para adquirir todo tipo de produtos e servizos. “Coa pandemia medrou a facilidade que ten o autor do delito para realizar unha estafa”, explican. Agora é máis simple ca nunca publicar un anuncio e agardar a que unha vítima pique e caia no engano. É un tipo de delincuencia máis especializado, evolucionado, que procura estafas moi complexas. Advirten, iso si, de que segue a haber estafas moi chafalleiras nas que, porén, a xente segue a caer.

“A persoa que comete estes delitos adoita formar parte dunha banda organizada, que ás veces opera dende fóra de España e ten aquí o que se coñece como ‘mula económica’, unha persoa que pon o seu DNI para abrir unha conta española na que a persoa estafada ingrese os seus car-

tos”. De aí a poucos minutos, “os cartos saen para fóra de España, sexa outra conta ou, en moitos casos, pasados a criptomonedas, mentres a mula queda cun 15% do estafado, aproximadamente”, engaden dende o corpo de seguridade.

Unha estafa que comeza a ser moi corrente, e da cal xa houbo sobre cinco casos en Ames durante 2021, é aquela que envolve a autónomos e empresas que reciben unha factura falsa que parece provir dun provedor co que realmente traballan. “Ti tes unha tenda e chégache unha factura da cristalería por un servizo que realmente che prestaron, pero que non son eles quen cha están enviando”, poñen como exemplo. Neste caso, a vítima “fai a transferencia a unha conta que non é a do seu provedor e de alí a uns días, cando recibe a chamada do provedor reclamando os cartos atrasados, decátase de que non sabe a quen llos pagou en realidade”. Este tipo de delitos prexudica a dous



negocios distintos, xa que logo. E a Garda Civil adoita “chegar tarde á investigación porque nese momento igual xa pasaron dez días”. Aínda así, este ano xa recuperaron, integramente, os cartos en tres deses casos.

Cando se fala de vítimas de estafas telemáticas adoita pensarse en persoas maiores que non se desen-

volver con internet. Pero dende a Garda Civil son rotundos ao advertir de que “hai de todo”. “Poden estafar a un avó de 80 anos e a unha persoa nova que saiba moito da informática”, engaden. E advirten de que “a través de internet -instagram, facebook, tiktok...- pode rastrearse toda a nosa identidade di-

xital para personalizar unha estafa, ou para desenvolver estafas xenéricas orientadas a moita xente”. De feito, as estafas personalizadas son un delito corrente dirixido contra a persoas con moitos recursos económicos, que fagan que pague a pena o esforzo por parte do estafador para adaptar a estafa.



Leis & Negocios SL

Contamos coa garantía de poder recorrer a unha asesora profesional sempre que o necesitamos. Encárgase de todo o pepeleo do noso negocio. Por iso agora disfrutamos máis da nosa profesión e do tempo de lecer.

Pilar Leis Puñal

Avogados e Asesores de empresas
Avda. Romero Donallo, 29
15706 Santiago

O Equipo @ insiste na necesidade de denunciar axiña e non dar a clave



Sinais de alarma

O Equipo @ advirte dunha serie de indicios de alarma que poden axudar a non caer nunha destas estafas. “Raramente existen as gangas”, alertan, pedindo tamén que se atenda ás pasarelas de pagamento que se utilizan e non contestar ás SMS dúbidas. “Sobre todo, hai que lembrar que o banco nunca pide nada por email ou mensaxe. Aínda hai xente que se queixa por ter caído nunha estafa deste tipo, e ante calquera dúbida é mellor ir preguntar á oficina, porque ningún banco che vai bloquear a conta sen máis”.

Precisamente, moitas persoas afectadas comparten unha queixa sobre a celeridade dos bancos para pechar as fendas de seguridade, especialmente cando o cliente alerta dun intento de estafa. Para a Garda Civil, é primordial, por iso, non facilitar xamais as claves a persoas que chaman por teléfono.

Novas e vellas estafas

A proliferación de plataformas e servizos de compravenda e transferencia económica multiplica as posibilidades de estafa. No caso de Bizzum, é corrente que a persoa non se fixe se está a pagar ou a recibir cando acepta a transacción dun descoñecido. Outro clásico son as membresías en páxinas web que se avisan ao

final de todo, por un servizo moi caro que se renova case sen que a vítima se decate, ao introducir os seus datos. Neste caso, por riba, “non hai nada ilegal: hai que ler as condicións”, lembran dende o Equipo @.

Outra estafa xa frecuente, con cantidades de miles de euros, é a de persoas novas que compran criptomonedas en webs que se fan pasar por paxinas de trading de criptomoneda. O estafado descobre que as súas teóricas ganancias non son tal cando xa leva varios miles de euros investidos. Ás veces aínda lle reclaman outro pagamento para poder sacar os inexistentes beneficios. Neste tipo de estafas entran contas de países do leste como Lituania ou Polonia. E a Garda Civil alerta da sofisticación destas páxinas, que enganan ao usuario co seu aspecto e linguaxe.

E aínda neste 2021 perviven os clásicos, como a moza rusa ou o príncipe nixeriano. Incluso algún case cinematográfico, coma o do teórico soldado americano en zona de guerra que precisa axuda para retirar un botín. “Nunha ocasión investigamos unha estafa cunha identidade de neurocirurxián londinense, e o señor realmente existía aínda que non tiña nada que ver coa estafa”, contan. As comisións rogatorias internacionais e as comunicacións con Europol son o

que queda nestes casos.

Denunciar axiña

Dende a Garda Civil teñen claro que “sempre se debe denunciar”. Aínda que o grao do delito cambie segundo a cantidade económica estafada, a resposta dos investigadores sempre será a mesma. “Aínda que unha persoa sexa vítima dunha pequena estafa debe denunciar, e facelo axiña”. Moitos estafadores mantéñense sempre en cantidades lixeiramente inferiores aos 400 euros, pero se se consegue unir todas as súas denuncias para que lle sexa imputable un delito continuado, pódese actuar con contundencia. “O estafador sabe que por menos de 400 euros a pena é menor, pero podemos conseguir que sexa maior se demostramos que levou a cabo quince estafas distintas por valor de 380 euros cada unha”, explican dende o Equipo @ do Milladoiro.

O problema destes entramados é o difícil que pode chegar a ser recuperar os cartos. A Garda Civil segue a ruta do diñeiro para atopar o destino, pero é moi difícil recuperalo. O máis doado é cando se denuncia axiña, por iso os estafadores adoitan dilatar os tempos para ter tempo de retirar os cartos ou pasalos a criptomoneda. “Denuncien axiña cando sospeiten unha estafa”, piden dende o Equipo @.

O ‘phishing’ deixa ducias de afectados por toda Galicia

Chámase phishing a unha suplantación da identidade do banco ou plataforma de pagamento, ou rede social, que ten como obxectivo acceder ás claves do usuario para retirar cartos da súa conta. Dende o despacho de avogados **Xoán Antón Pérez-Lema Avogados e Consultores**, radicado na Coruña, están a colaborar con ducias de persoas afectadas por toda Galicia para agrupar baixo unha única dirección letrada a maior parte dos afectados. O phishing afectou a un grande número de clientes de ABANCA durante o verán de 2021. Esta práctica levou a estas persoas a perder importes en ocasións superiores aos 150.000 euros ou mesmo a totalidade do aforro.

Dende o despacho de avogados, sinalan que os intentos de phishing adoitan tomar forma de mail ou SMS que remite a un enlace ou que solicita claves da banca electrónica por problemas informáticos ou de seguridade. Entre os indicios que o delatan está a redacción pouco coidada, con frecuentes erros semánticos ou mala construción das frases, así como erros ortográficos. Unha entidade bancaria adoita coidar a redacción nas comunicacións públicas. Tamén chaman dende Xoán Antón Pérez Lema Avogados e Consultores a vixiar “a existencia de fórmulas xenéricas de tratamento do tipo: ‘Estimado amigo’, ‘Apreciado cliente’, ‘Ola’, xa que as verdadeiras entidades bancarias adoitan personalizar o saúdo cos apelidos do seu cliente”. Se a comunicación incita a facer algo de xeito urxente, do tipo “ten un prazo de 8h para levar a cabo á acción”, debemos desconfiar, ao igual que se non coñecemos o enderezo remitente. En todo caso, dende o despacho recomendan non facilitar datos persoais nin bancarios de ningún tipo nin acceder aos enlaces facilitados. No momento en que somos vítimas dun phishing, sinalan que debemos “modificar o contrasinal da banca electrónica” e proceder axiña a unha reclamación extraxudicial á entidade bancaria, imprimindo dúas copias, e quedando cunha selada na oficina. A entidade debe responder nun prazo máximo dun mes.

Óscar Ínsua, Jumpin

“Emocionámonos con vén á tenda, ata nos fa

O 22 de novembro celébrase o día do músico, e poucas persoas de Santiago de Compostela encarnan de traxectoria ten tocado todo tipo de música, e non coma mero afeccionado: despois duns comezos na práctica, un estilo entón novo, o death metal, da man da banda Absorbed. Despois, a súa carreira levou a colaborar con artistas de folk tan senlleiros coma Emilio Cao ou Brath. Pero unha cousa é clara, calquera Estudio 54.

Jumpin leva xa moitos anos traballando día tras día entre as guitarras da mítica tenda, pero a pesar de música non só non mermou, se non que segue sendo coma a o primeiro día ou máis. Falamos con el sobre

Os teus comezos musicais son coa banda de hardcore punk Fame Neghra, nun momento en que agromaban na cidade máis bandas do estilo, coma Dirty Barrighitas ou Túzaros.

Si, era a finais dos 80, había moito punk, moito hardcore. E había aquí unha banda chamada SS Harlots na que tocaban o cantante e un guitarrista de Fame Neghra. Buscaban baixista, porque o cantante tocaba tamén o baixo e dicía que quería sentirse máis libre. Entón eu lles dixen que me probasen de baixista. Era bastante novo, tiña 17 anos, pero aprendín os temas e acabei entrando de guitarrista. Sabía os seus temas mellor que eles (risas). E entón cambiou o nome a Fame Neghra. Álex, o guitarrista da banda, que agora toca en Samesugas, foi un dos pioneiros en tocar tralla por aquí. Gravei dúas maquetas con eles, pero eu xa estaba moi metido no thrash metal, e marchei de Fame Neghra para formar a miña propia banda.

Xa tiñas formación musical, ou fuches autodidacta?

Eu son autodidacta, aínda a día de hoxe.

Axiña pasas ao metal da man de Absorbed. Os punks e os metaleiros son grupos tan estancos entre eles como se adoita pensar?

Hai unha cousa que eu penso que os metaleiros levan moi ben, que é que o metal é das músicas que máis lle debe a todas as demais. E moi-

tos estilos de metal lle deben moito ao punk. Non é que fosemos punkis, pero se mesturaba todo mogollón, e estaba ben.

Con Absorbed buscabas tocar un estilo de música máis demandante a nivel técnico que o de Fame Neghra?

Hai unha cousa que digo sempre cando se fala de Absorbed como grupo de death metal técnico ou progresivo, que é que non era a propósito, non se buscaba. Era porque tocábamos así daquelas, porque nos gustaba de todo, o punk, o metal, e tamén o rock progresivo. Aquí, é que directamente a xente non sabía que era o death metal. Era imposible atopar cantante, nos primeiros anos acabei cantando eu. E non é fácil cantar death metal, está moi infravalorado. Pero iso, non foi un cambio buscado. Realmente Fame Neghra non era a miña banda, eu quixen montar a miña propia para darlle a miña visión. Para min o death metal ten un punto en común moi grande coa música clásica, con esa sensación grande e poderosa, como cando escoitas Wagner.

Absorbed foron pioneiros, pero logo houbo unha escena moi potente de death metal en Galicia.

Si, estaban Unnatural, Dismal, S.O.K... Logo xa no thrash, Scum, Xudéf Klas...

En Compostela tamén estaba a banda de groove metal Embrace Me Ocean, e tes contado que foi o

seu batería, Javier Gestal, quen che puxo o alcume de “Jumpin”.

Foi nunha sala de xogos, das que agora xa non hai. Eu xogaba sempre aí, eles baixaban os domingos, e eu estaba sempre cantando a canción “Jump in the Fire”, de Metallica. E eles non sabían como me chamaba, e dicían “ese, o que canta a de jump in”, e quedou ata hoxe.

A banda acabou dividida entre Cangas e Compostela, e se fixo imposible a súa continuidade.

A banda fundouse aquí, pero dimos un concerto en Cangas, e alí nun festi vimos a un batería, Lino Cordeiro, e eu dixen: “este batera ten que ser noso”. E fixen varias viaxes a Liméns, en Cangas, para convencelo. Acabou entrando na banda xunto co seu irmán Mario, e acabamos ensaiando alí, polo que había que facer esa viaxe en cada ensaio. E se aínda por riba a harmonía no grupo non ía ben... Deixaba de ser divertido. Hai xente que me di “se tivesedes aguantado seríades os Sepultura españois”... Non hai Sepultura españois, e menos íamos ser nós. Ademais creo que eramos todos Cancer de signo do zodiaco, ao mellor tivo algo que ver (risas).

O teu seguinte proxecto é a banda de rock Clan Moriarty, e dende entón a túa carreira musical sería marcadamente ecléctica.

O de Clan Moriarty foi algo casual. Eu xa deixara Absorbed e andaba por un bar de rockabilys en

Santiago, e coñecín a un baixista, Alejandro Castiñeiras, que me dixo que buscaban guitarra. Eran unha especie de Stray Cats galegos. E probamos, e coa entrada de novos membros convertíuse xa en rock progresivo. Logo fixen algunhas cousas de folk, con Brath, con Emilio Cao, algún rollo para o Xabarín, para tributos a Jackson Brown... Moitas colaboracións.

Como acabas recalando en Estudio 54?

A tenda fundouse no 2002, e eu era cliente de Richard, o dono da tenda. E el sempre me dicía, “ti tes que estar aquí conmigo”. E comecei traballar con el. Debo levar xa 15 anos. É un mundo moi especial, o da música e os músicos.

Alí traballas con guitarras todos os días. Converteuse o teu traballo nunha afición ou a túa afición nun traballo?

Eu a verdade é que saio de currar e estou na miña casa coa guitarra no sofá, sigo tocando. A xente ten unha visión distorsionada do que é traballar nunha tenda de música, nunha tenda de música o que máis fas é traballo de ordenador. E máis nestes tempos con tanta venda online, ás veces non se vende algo na tenda e si online. Entón tes que darlle movemento, facer fotos, moitas fotos, redes sociais... Non estás todo o día tocando a guitarra. Hai días que si, que tocas e que cambias moitas cordas, pero días en que en absoluto.

En cada guitarra que fastidia vendelas"

tanto esa figura coma Óscar Ínsua, máis coñecido coma "Jumpin". Este guitarrista con máis de 30 anos na mítica escena punk compostelá a principios dos anos 90, foi un dos primeiros músicos da península en traxerlle por camiños tan diversos coma o de tocar rock progresivo con bandas coma Clan Moriarty ou o de ser un guitarrista compostelán lle coñecerá ante todo por estar, xunto a Richard Rey, detrás do mostrador de

que, explica, o seu traballo diario dista moito da idea romantizada del que se pode ter, a súa paixón pola música e a súa carreira e o seu traballo en Estudio 54 para coñecer as dúas facetas dun músico en toda regra.

Entón eu sigo tocando en casa. Porque realmente eu o que quero é tocar a guitarra. Todo isto do que falamos hoxe aquí foi porque eu quería tocar a guitarra. Eu escoitei un tema dos Sex Pistols e dixeran "gustaríame tocar a guitarra", e ata hoxe. Debeu ser o amor da miña vida. Caín aí, e aí sigo. E tiveron a sorte de poder facer diso, un pouco, a miña forma de vivir. Da música en si non vive case ningún en España, e se o fas, é un ano. E agora coa pandemia ata os músicos de sesión ben pagados tiveron que buscarse a vida.


Tanto na túa carreira musical coma na tenda estiveches e estás en contacto con moitas xeracións de músicos galegos. Cando é máis doado facer música, na época das casetes e os fanzines ou na de facebook e spotify?

Eu ás veces teño neuras, imos dicilo así, e escribo cousas nas miñas redes sociais que moitas veces logo acabo borrando, como algunha reflexión e tal. E unha vez escribín sobre este tema. Algo que a min nunca me importou moito foi o que se dixese de min, de feito saltei de tocar hardcore a death metal, e cando estaba ben considerado nese estilo fun a outro rolo que non tiña nada que ver. Cando estaba noutra rola, volví ao metal. E sempre me deu igual. Pero hoxe en día vexo aos rapaces... Que si os likes de Instagram, que si os likes de Facebook, que si suben un vídeo... Eu subo ví-

deos que poden ter 3 likes e 40 visitas e a min dame igual, vou seguir facéndoo porque a min gústame tocar. Pero agora as bandas mídense polos likes, non consigues contrato se non tes x seguidores en Spotify, etc. Ten que ser esgotador, desmotivante. Non hai que caer en pensar coma un "abuelo cebolleta", pero a música como eu a coñecín xa morreu. Agora Metallica está vendendo un cursillo para ensinar a ser famoso. É que xa alucino (risas). Cando a música deixa de ser unha paixón e pasa a ser un negocio... É complicado.

Que diferenza Estudio 54 doutras tendas de música?

En Estudio 54 estamos dous chalados. Somos os dous moi apaixonados da música. É un negocio, porque precisamos vender para vivir, pero hai moita paixón. As guitarras mercámolas para nós. Mercámolas dicindo "bua, mira que bonita esta, habería que conseguila", ou "isto é un guitarrón". E vou á miña casa e sigo mirando guitarras, vendo que instrumentos tocaban algúns artistas... Non é un rolo de "vou traer as mellores guitarras e non teño nin idea delas". Un empresario como é Richard, que é o dono, se quixese facer diñeiro, cambiaría a decoración da tenda e o poría todo en plan Guitar Center, para facer caixa. Nós emocionámonos con cada guitarra que vén á tenda, e ás veces ata nos fastidia cando se vende algunha cousa.



Investigar en Galego, iniciativa de Apego para o Mes da Ciencia en Galego

Ángel Carracedo, xenetista: “En galego pódese falar de todo”

Novembro é o Mes da Ciencia en Galego e isto reflectiuse no programa Apego de Ames. Nada mellor que contar cunha das voces da ciencia galega que sempre ten reservado un papel moi especial para a lingua. Ángel Carracedo, Catedrático en Medicina Legal e experto en Xenética, nacido en Santa Comba pero residente en Ames, foi o convidado de luxo para a sesión do día 11, que se celebrou na Casa de Cultura de Bertamirás.

Carracedo conta cunha ampla traxectoria profesional, docente e investigadora ligada á especialidade da xenética dentro do mundo da medicina. Hoxe en día é profesor de Medicina Legal, Ética Médica e Bioloxía Molecular na facultade de Medicina e Odontoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Acompaña este labor cunha notable actividade investigadora, pero tamén divulgadora, co convencemento de que a sociedade ten que achegarse á ciencia, ou viceversa. Nesa actividade divulgadora, en Galicia, sempre emprega o idioma galego, como unha forma máis de unir a xente á ciencia a través da lingua.



Como cambiou a situación da lingua galega?

Eu vin un cambio na situación social da lingua galega ao longo da miña vida, dende unha época en que estaba moi mal vista ata hoxe. É moi importante mantela, de seguir falando galego.

E na ciencia?

Temos que entender que a lingua de comunicación dentro da ciencia é o inglés. Por iso é importante que os rapaces en Galicia sexan trilingües. O papel que ten que ter o galego na ciencia é o de divulgala dentro de Galicia. A educación e a explicación científicas, na nosa terra, teñen que ser feitas en galego. Pero a ciencia é universal e por iso utiliza o inglés na súa actividade.

En actividades coma esta diríxome tamén aos pais, para que sexan conscientes da importancia de saber galego e de falar varios idiomas.

O galego vale, daquela, para falar de ciencia?

En Galego pódese falar de todo. O galego cobrou moito prestixio nos últimos anos pero á vez fálase menos. Temos que loitar por mantelo, estimulalo.

Vostede ten feito moitos esforzos para divulgar a ciencia en Galicia...

Eu non me considero un auténtico divulgador, pero si me esforzo por chegar aos rapaces. E fágoo en galego para darlle importancia á lingua. En Santa Comba, cando os rapaces me oen falándolles en galego ilusionáanse, dan máis valor ás posibilidades que teñen falando o sue idioma. Vou moito ás escolas, intento contar cousas e xerar ilusión. Achego o que podo sobre ciencia á sociedade, e en Galicia iso haino que facer en galego.

Convenio USC - Concello para achegar a saúde bucodental a persoas con risco de exclusión social

O alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, acompañado da concelleira de Políticas Sociais, Mila Castro, asinou co reitor da USC, Antonio López, o convenio de colaboración para o desenvolvemento do "Programa de atención bucodental a persoas en risco de exclusión social" correspondente a 2021, por un importe de 10.000 euros.

O convenio cubre as necesidades de saúde dental que non están incluídas na Seguridade Social a ese segmento da poboación que no pode acudir, por falta de recursos, ao

sistema privado. Ademais, apuntou o reitor, Antonio López, permitirá facer prácticas ao alumnado da facultade de Odontoloxía.

A idade das persoas beneficiarias vai dos 5 aos 80 anos. O programa levarase a cabo no edificio da facultade de Odontoloxía; e implicará ao persoal docente de materias clínicas do Grao de Odontoloxía; ao alumnado de 3º, 4º e 5º curso; ao persoal de Administración e Servizos asociados ás tarefas clínicas e á Área Asistencial do edificio de Odontoloxía da USC.



Celebra tamén o Encontro Internacional de Tunas Veteranas

A Casa da Troia reabre as súas portas ata o vindeiro 11 de decembro

O Museo La Casa de la Troya, que toma o seu nome da célebre novela de Alejandro Pérez Lugín, abriu por fin de novo as súas portas. Permanecerá aberto ata o domingo 28, e logo do xoves 2 ao sábado 11 de decembro, coa fin de aproveitar a ponte da Constitución. En palabras de Benigno Amor, presidente da Asociación de Antigos Tunos Compostelanos, entidade que xestiona o museo, o seu obxectivo é “chegar aos 2000 visitantes neste ano, cifra da que xa estamos preto”. Abren as súas portas esporadicamente todos os anos, e nos últimos 11 meses recibiron case 1800 visitas xa. Este número supera con creces o obtido o ano anterior, de 1.031, achegándose progresivamente ao número de visitantes que tiñan antes da pandemia.

O museo ubícase na homónima Casa da Troia, que foi unha residencia de estudantes universitarios a finais do Século XIX e a principios do XX. Foi precisamente nesta residencia onde se ambientou a novela “La Casa de la Troya” de Pérez Lugín, que narra as aventuras de Gerardo Roquer, un estudante madrileño en Compostela. A traxectoria do protagonista lembra a do propio autor, madrileño de nai galega que estudou en Compostela na época na que a Casa da Troia funcionaba coma residencia. A popularidade da obra, publicada en 1915, fixo que o Concello de Santiago se encargase de adquirila nos anos 60, máis non foi rehabilitada coma museo ata os anos 90, co mecenazgo de Benigno Amor, pai do actual presidente da asociación.

Na casa, ubicada no número 5 da Rúa da Troia, en plena zona vella compostelá, recrea precisamente a vida universitaria na cidade naquela época, reproducindo rigorosamente o aspecto do edificio cando este era unha residencia de estudantes, rexentada por Doña Generosa Carollo.

A apertura do museo coincide coa celebración dun encontro internacional de tunas veteranas, e a partir de aí retomará o seu horario habitual de visitas, de 11:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00. Tamén se realizan “roteiros troyanos” por lugares significativos para o autor, a novela e a súa época, onde o guía Suso Martínez caracterízase coma o estudante troián Casimiro Barcala.

LOS COMERCIOS DE LOS CENTROS HISTÓRICOS DE ESPAÑA

Somos Tradición Somos Navidad

SOMOS EL COMERCIO QUE HACE CIUDAD

cocahi
CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE CASCOS HISTÓRICOS

Compostela Monumental

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21-22

CONCELLO DE SANTIAGO

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO

SECRETARÍA DE ESTADO DE ECONOMÍA

Servizo gratuíto de limpeza en carpinterías do casco histórico

Iniciativa para limpar os graffitis que afean os negocios da zona monumental



Antes e depois da dactuação do servizo gratuíto de limpeza de graffitis na carpinterías da zona monumental

En funcionamento o servizo gratuíto de limpeza de pintadas en carpinterías de edificios do casco histórico, que puxo en marcha o concello de Santiago este mes. Xa supera as 25 solicitudes que afectan a máis de 75 elementos. Ata o de agora resolvéronse dez delas, cun balance de 28 elementos limpados e/ou pintados.

Co obxectivo de combater o feísmo dos graffitis en portas e ventás do casco histórico, o Concello

oferta á veciñanza un servizo gratuíto de limpeza de carpinterías (portas, portalóns e fiestras) dirixido ao control integral das pintadas vandálicas realizadas na cidade, e á súa eliminación.

Esta iniciativa, comentan desde o Concello, é a resposta ao aumento do fenómeno urbano das pintadas e graffitis detectados nos últimos anos en Santiago. Ante os danos contra o patrimonio, considerouse necesario

a elaboración dun plan de actuación que derivou nese servizo de limpeza.

O modo de acollerse a este programa é moi sinxelo, só hai que cumprimentar un impreso en nome do propietario ou da comunidade do edificio con portas ou ventas pintadas. A continuación, os empregados municipais acudirán a inspeccionalo e posteriormente procederase á limpeza do graffiti ou no seu caso ao repintado, cando as tintas ou produc-

tos químicos utilizados para a realización do garabato sexan difíciles de eliminar.

Desde o Concello ponse a disposición da cidadanía un teléfono de contacto, o 618 509 278; ao que poden dirixirse para solicitar información. Tamén se habilitou un correo electrónico, no que se recollen as solicitudes de limpeza, que é: limpezapintadas@santiagodecompostela.gal

Bugallo afirma que o Plan de Recuperación de Sánchez permitirá ampliar e reforzar as políticas de vivenda

O alcalde de Compostela, Xosé A. Sánchez Bugallo, puxo en valor "a sensibilidade do Goberno por destinar unha parte importante dos fondos a políticas de rehabilitación e a políticas de rexeneración urbana, que son absolutamente imprescindibles e que poden supor unha transformación importante das cidades".

A continuación, José Miñones, delegado do Goberno, presentou o impacto en Galicia do compoñente adicado á rehabilitación e rexeneración urbana do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno. O delegado avanzou que o Plan de Recuperación permitirá a execución de 3.000 actuacións de rehabilitación en casas, edificios e barrios e a construción de 1.100 vi-

endas para aluguer social en edificios enerxeticamente sostibles.

O alcalde sinalou que estas axudas representan "un impulso extraordinario" para as políticas de vivenda, "a través dos planes do Goberno apoiados nos fondos europeos, que permitirán dotarnos de fondos, de persoal e de elementos que poidan impulsar, ampliar e reforzar todas as políticas de rehabilitación" do Concello de Santiago. No caso de Galicia, o delegado avanzou que os compromisos do departamento liderado pola ministra Raquel Sánchez suman ata o momento 220 millóns de euros. E lembrou que se sumarán novas partidas a medida que avance a execución do Plan, que remata en 2023.



O “grande apagón”: máis posible ca probable

A nova bateu na opinión pública con forza logo de dous anos en que todas as ameazas apocalípticas semellaron ir tomando forma. O goberno de Austria repartía consellos ante un hipotético “grande apagón”, isto é, un desabastecemento enerxético masivo e máis ou menos prolongado. Realmente, a mensaxe orixinal austríaca era moi desalentadora: daban por feito que a pregunta sobre o grande apagón non é se pode producirse, senón cando o fará. Axiña outros gobernos coma o alemán ou o chinés foron sumarse á iniciativa dando consellos á cidadanía sobre abastecemento de alimentos non perecedeiros ou outro tipo de utensilios -combustible, candeas...-. Tanto en Alemaña como en Suíza son frecuentes os problemas coa neve sobre o subministro eléctrico. Non son tan frecuentes en España e moito menos en Galicia ou na contorna compostelá.

O economista Adrián Dios Vicente, profesor na Universidade de Santiago de Compostela, ten un bo coñecemento do sistema eléctrico galego. Centrou a súa tese de doutoramento no marco regulatorio autonómico e na historia de Unión Fenosa. Na súa opinión, un grande apagón, entendido como o cese de funcionamento de todo o sistema eléctrico nun territorio máis ou menos amplo, é moi pouco probable. “Non se contempla esa situación en practicamente ningún escenario”, ex-

plica, xa que “todos os sistemas eléctricos teñen moitas previsións sobre que facer en casos de crise”. Se algo así sucedera, comezarían aplicándose apagóns selectivos que se iniciarian antes ca nada sobre a grande industria. “Isto xa reduciría enormemente a presión sobre o sistema eléctrico”, opina o economista. “Foi moi curioso que un goberno coma o de Austria tomase en serio estes temas, pero unha falta de electricidade a grande escala é moi pouco plausible”, asevera.

Dios Vicente sinala que resulta “invisible” que o sistema de Red Eléctrica, o distribuidor maiorista, deixe de funcionar de súpeto. Ilustra o exemplo coa situación actual: “nestes momentos vemos moita tensión no sector polo prezo do gas, que se encarga da produción do 25% da electricidade en España”. Mentres que en Europa ten moita importancia o gas que chega polo leste -fonte de conflitos fronteirizos entre a UE, Ucraína e Bielorrusia, así como Rusia-, a España chega por dous gaseodutos dende o norte de África -Marrocos e Arxelia- e barcos gaseiros. “Neste contexto cobra especial importancia Reganosa para

Galicia”, indica o profesor. A ruptura de relacións comerciais entre Arxelia e Marrocos inutilizou o gaseoduto deste último país para o mercado español dende o comezo de novembro. En resposta, o operador enerxético español aumentou a entrada de gas por Arxelia. “O gaseoduto vai a pleno rendemento”, relata o economista, que recoñece a “situación complexa” polo prezo do gas e do propio trans-

porte do mesmo, que chega en moitos casos a España en buques metaneiros que o

transportan licuado para a súa regasificación en plantas coma a de Reganosa.

O peor escenario

“Se nos poñemos no peor dos escenarios e non entrase nada de gas en España, o Goberno indicou recentemente que existen reservas para 40 días”, salienta Adrián Dios. “A priori estas serían suficientes, e se non o fosen pararía primeiro a industria pesada”, explica. O profesor lembra que case un 20% do consumo enerxético galego é de Alcoa, e por tanto “parando iso xa garantese que o

resto do sistema opere con normalidade, isto é, todo o conxunto de familias e empresas galegas”. No caso de Santiago, apenas se resentiría a actividade. “Hai grande industria como a Finsa, pero a estrutura económica da cidade non se orienta á industria pesada ou á industria electro-intensiva”, aclara. En todo caso, “a situación resolveríase a través do prezo e non de restricións”.

Aínda nun escenario tan negativo, Galicia conseguiría autoabastecerse a través da súa propia produción, sempre que esta non tivese que cubrir outros territorios. “A capacidade de resistencia é plena se mantemos aquí o producido”, explica o economista, pero especifica que “de todo o que produce Galicia, exporta un 35%, e Madrid importa o 98% da electricidade que consome, polo que vemos que os fluxos de enría en España van dirixidos entre a periferia e o centro para a provisión eléctrica de Madrid”.

En todo caso, hoxe e aquí, “Galicia é autosuficiente mesmo sen recorrer a utilizar centrais de ciclo combinado, que son contaminantes”, asevera. Incluso nas Pontes de García Rodríguez, polo si ou polo non, xa se reactivou un ciclo da central, aproveitando a estrutura existente. En opinión de Adrián Dios Vicente, se persistise e se agravase o problema do gas, hai outros recursos para que Galicia non se suma nunha marea escura.

“Galicia é autosuficiente mesmo sen recorrer a utilizar centrais de ciclo combinado, que son contaminantes”

Segunda cidade en Calidade Turística Española en Destinos

Turismo de Santiago deu conta dos resultados da capital galega, que conta con 108 empresas e servizos propostos para recibir a distinción de calidade SICTED, vinte e catro máis que en 2020.

Santiago é a cidade galega con mellores resultados e repite o segundo lugar como destino de España con maior número de distincións “Preparados Covid-19”, con 94. Trátase dunha distinción que garante o estricto cumprimento das Boas Prácticas Avanzadas do SICTED para a redución do risco de contaxio no sector turístico. Turismo proporá a 108 candidatos para recibir a distinción de calidade de SICTED, vinte e catro máis que en 2020. Estes datos amosan que o sector turístico de Santiago está a facer un esforzo moi importante para manter os niveis de calidade.

Como novidade, e de cara ao cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030, os establecementos distinguidos en 2020 recibiron, este ano, formación en materia de sostibilidade, desde os cinco ámbitos da mesma: medio ambiente, cambio climático, social, económico e cultural.

Entre as empresas e servizos propostos para a distinción do SICTED en Santiago hai axencias de viaxe, albergues, aloxamentos rurais, hostalería, comercios, Convention Bureau, empresas de transporte, empresas de aluguer de vehículos, escolas de español para estranxeiros, guías turísticos, hoteis e apartamentos turísticos, museos, oficinas de información turística, organizadores de congresos, restaurantes, taxis, turismo de benestar e vivendas de uso turístico.



Outro ano sen chocolatada no Hostal

A Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais CCA Compostela Monumental e o Hostal dos Reis Católicos confirman oficialmente que a edición 2021 da tradicional CHOCOLATADA CON PAPÁ NOEL NO PARADOR, prevista para o martes 21 do mes de decembro, foi suspendida por motivo da situación de risco de contaxio que supón a mesma, tanto para o público participante, como para o persoal e clientes do Parador por culpa do COVID 19.

Debemos lembrar que a CHOCOLATADA CON PAPÁ NOEL NO PARADOR congregou na edición do ano 2019 a máis de 5.000 persoas nunha franxa horaria de 16:30 a 20:00

horas na Capela Real do Hostal dos Reis Católicos.

"É unha pena. Pero tanto o Parador como Compostela Monumental temos moi claro que o primeiro é a saúde das persoas como xa fixemos en decembro de 2020 e aínda que ata o momento parece que a situación mellora, para un recinto pechado pode ser aínda moi prematuro congrega a tanta xente e sobre todo nenos. Teremos que retomar a cita para Nadal de 2022 confiando en que para aquela data, e coincidindo co peche do Xacobeo, non exista xa ningún risco para todos", destaca José Manuel Bello Rey, Presidente de Compostela Monumental.



Chocolatada de 2019 no Hostal, á que asistiron 5000 persoas

Bello tivo varios encontros institucionais



O Presidente da Asociación de Comerciantes, Empresarios e Profesionais CCA Compostela Monumental e de COCAHI, José Manuel Bello Rey, entrevistouse coa Alcadesa de Cartaxena, Noelia Arroyo e a súa Concelleira de Industria, Turismo e Empresa, Cristina Pérez.

O encontro tivo lugar nas dependencias da casa do concello cartagenera. Alí, Belo Rey e Agustín Ordejón, Xerente da Asociación de Comerciantes da Zona vella de Santander e Secretaría da Confederación Española de Centros históricos, entregaron á alcaldesa de Cartagena o Diploma de

Honor de la Confederación unha xornada de intercambio de opinións e coñecemento real da situación pola que atravesan os comerciantes dos principais centros históricos de España, e principalmente os do Centro Comercial Aberto de Cartagena, cuxa entidade preside Antonio Sánchez

Areas, presente en todo momento no acto institucional.

José Manuel Bello Rey, entrevistouse tamén co Alcalde de Alcantarilla (Murcia), Joaquín Buendía Arroyo e a súa concelleira de Emprego e Comercio, María Dolores Alegría López.



Buscamos COMERCIAL

underwood.comunicacion@gmail.com

25N: Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller Visibilizar as violencias contra as mulleres que non se ven e son mais difíciles de detectar

As accións de Compostela en Negro de cara ao Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller. Supoñen un traballo de concienciación a través da imaxe dun iceberg contra as violencias, de 'performances' e un documental que inciden na idea de visibilizar violencias machistas do día a día que son máis difíciles de detectar.

A Casa Xohana Torres foi o lugar escollido polo Goberno municipal para a presentación das actividades programadas no marco da campaña Compostela en Negro, unha acción que naceu en Santiago exportándose a outras moitas outras cidades de Galicia, España e mesmo do estranxeiro e que neste 25N volverá denunciar e concienciar sobre as violencias machistas.

No acto estivo presente a concelleira de Igualdade, Mercedes Rosón, acompañada da deseñadora da campaña Uqui Permui, e das artistas Mónica de Nut, Masako Hattori e Marta Alonso que representaron unha pequena mostra do que poderemos ver nos escaparates os días 24 e 25.

Mercedes Rosón fixo fincapé na importancia de detectar este tipo de actitudes dende o momento ini-

cial: "o primeiro paso para rematar con este feminicidio, é asumir que existe unha violencia contra as mulleres presente no noso sistema e froito dunha sociedade patriarcal. E o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller é unha boa data para recordalo", indicou.

A campaña xira en torno a metáfora da "punta do iceberg"

A imaxe do cartel da campaña deste ano, que se poderá ver tamén en autobuses e mupis, é a dun iceberg que pon sobre a mesa a necesidade de destapar e visibilizar, en palabras da súa deseñadora Uqui Permui, "as violencias cotiás, as normalizadas, esas que nos costa ver e cando as vemos xa é moi tarde".

Coas palabras "feminicidio" e "asesinato" na punta do iceberg, xorden as que están ocultas como "desvaloración", "desprezo", "culpabilizar", "micromachismo" ou "anulación". Estas mesmas verbas son as que, en forma de tiras de papel, repartirá o Concello xunto con bolsas de tea e o propio cartel aos comercios, bares e establecementos en xeral co obxectivo de denunciar esas situacións.

Performances en escaparates

Outra das actividades que se desenvolverá será a realización de performances en 12 escaparates de establecementos composteláns. Participan seis artistas de diferentes artes escénicas como son Marta Alonso, Mónica de Nut, Helena Salgueiro, Marta Pérez, María Roja e a xaponesa residente en Compostela Masako Hattori. Tres das pezas son estretras mentras que as outras tres son adaptacións feitas ex profeso para o espazo dos escaparates, e todas xirán en torno ás formas de violencia ocultas na normalización, ás agochadas baixo a punta do iceberg seguindo o "sempre foi así".


As performances serán o mércores 24 de novembro e o mesmo día 25 entre as 18.30 e as 20 horas. De só 10 minutos de duración, repetiránse dúas veces en cada escaparate e poderán verse a través dun percorrido polo centro da cidade: o mércores 24 en República do Salvador e Xeneral Pardiñas, e Praza de Galicia e rúa do Hórreo o xoves 25.

O propio 25N a corporación recibirá ás 12.00 h no Pazo de Raxoi a distintos colectivos feministas e ás 19.00 h, na praza 8 de marzo, descubrirase unha placa en homenaxe ás vítimas de violencia machista.


Grande resposta á convocatoria dunha andaina contra o machismo

Preto de 5.000 persoas de diferentes ámbitos da sociedade galega están a participar na IX Andaina contra a Violencia de Xénero que organiza cada ano a Xunta con motivo do 25-N, o Día Internacional contra a Violencia de Xénero. A iniciativa solidaria desenvólvese hoxe baixo o lema, Camiño ao Respeto, entre o Monte do Gozo e a Praza do Obradoiro, aínda que as persoas que desexen colaborar coa actividade están aínda a tempo de descargar o seu dorsal, ata o próximo día 28, a través da páxina web www.andaina.camiñoarespecto.gal.

A conselleira de Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, participou hoxe na actividade e ao remate puxo en valor o esforzo conxunto de toda a sociedade para loitar contra a violencia de xénero e sinalou a importancia de educar desde idades temperás contra esta lacra social para poñer fin a actitudes machistas.



NADAL 2021



CONCELLO DE
SANTIAGO